

**EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 12/03/2019**

3. Mocións.....	3
3.1 10/MOC-000129 (0047155).....	3
(0047155) Entrada da iniciativa.....	4
(0047579) Emendas dos grupos parlamentarios .....	6
3.2 10/MOC-000130 (0047158).....	8
(0047158) Entrada da iniciativa.....	9
(0047592) Emendas dos grupos parlamentarios .....	12
3.3 10/MOC-000131 (0047162).....	14
(0047162) Entrada da iniciativa.....	15
(0047575) Emendas dos grupos parlamentarios .....	17
(0047581) Emendas dos grupos parlamentarios .....	19
4. Proposicións non de lei ante o pleno.....	21
4.1 10/PNP-000523 (0006062).....	21
(0006062) Entrada da iniciativa.....	22
(0047576) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	25
(0047590) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	27
(0047593) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	29
4.3 10/PNP-003247 (0043460).....	31
(0043460) Entrada da iniciativa.....	32
(0047577) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	36
4.4 10/PNP-003328 (0044557).....	38
(0044557) Entrada da iniciativa.....	39
(0047574) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	42
(0047580) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	43
(0047583) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	45
4.5 10/PNP-003350 (0044794).....	47
(0044794) Entrada da iniciativa.....	48
(0047578) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	51
4.6 10/PNP-003393 (0045209).....	53
(0045209) Entrada da iniciativa.....	54
(0047591) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	57
4.8 10/PNP-003467 (0046293).....	59
(0046293) Entrada da iniciativa.....	60
(0047585) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	65

### **3. MOCIÓN.**

#### **3.1 10/MOC-000129 (0047155)**

Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Quinteiro Araújo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co tratamento das informacións en materia de igualdade. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 44014, publicada no BOPG n.º 417, do 23.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.02.2019)



(0047155) Entrada da iniciativa



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 01/03/2019 12:12:01  
**Nº Rexistro: 47155**  
 Data envío: 01/03/2019 12:12:01.069



### Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **44014 (10/INT-001442)** debatida na sesión plenaria do 26 de febreiro de 2019 sobre o tratamento das informacións en materia de igualdade.

### MOCIÓN:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas:

1. Desenvolver regulamentariamente e garantir a aplicación da Lei 11/2007 galega, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, especialmente os seus artigos 9, 10 e 11 en canto ao tratamento da información sobre violencias machistas, así como avaliar o grao de cumprimento desta.
2. Impulsar mecanismos para verificar a aplicación do Código Deontolóxico do Xornalismo galego e a Declaración de Compostela e iniciar unha campaña de difusión acerca destes.
3. Creación, antes do remate do 2020, dun Observatorio de igualdade nos medios de comunicación coa participación dos colectivos de xornalistas e feministas.
4. Iniciar un plan de formación público en materia de igualdade para os profesionais dos medios de comunicación, tanto públicos como privados.

CSV: gVesNIdoM1  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramos/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 01/03/2019 12:12:01  
**Nº Rexistro: 47155**  
Data envío: 01/03/2019 12:12:01.069



5. Iniciar a elaboración de indicadores sobre o cumprimento da lexislación en canto á non reprodución de contidos machistas ou sexistas para condicionar a percepción de subvencións por parte dos medios de comunicación a este cumprimento.”

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 01/03/2019 12:07:58**

**Luis Villares Naveira na data 01/03/2019 12:08:07**



(0047579) Emendas dos grupos parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/03/2019 17:23:28  
Nº Rexistro: 47579  
Data envío: 11/03/2019 17:23:28.931

**Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada **María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Moción do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co tratamento das informacións en materia de igualdade (10/MOC-000129, doc. núm. 47155)

**Emenda de modificación do punto 2.**

Débese substituír o punto 2 da parte resolutiva da moción polo seguinte contido:

“2. Favorecer o cumprimento da Declaración de Compostela e Código Deontolóxico do Xornalismo Galego, con especial impulso da cláusula de conciencia e o segredo profesional, dentro do marco das leis, tal como recolle a vixente Constitución, así como o necesario establecemento dos estatutos de redacción nos medios, de especial urxencia de implantación na CRTVG.”

**Emenda de modificación do punto 3.**

Débese substituír o punto 3 da parte resolutiva da moción polo seguinte contido:

“3. Apoio e impulso da Asociación "Xornalistas Galegas" e a súa “vixilancia feminista” dos contidos ou publicacións machistas ou sexistas presentes nos medios.”

Pazo do Parlamento, 11 de marzo de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia






**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/03/2019 17:23:28**  
**Nº Rexistro: 47579**  
Data envío: 11/03/2019 17:23:28.931

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 11/03/2019 17:11:42**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/03/2019 17:12:43**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

### **3.2 10/MOC-000130 (0047158)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Luisa Pierres López

Sobre as melloras que debe implementar e impulsar a Xunta de Galicia en relación coa rede de centros de información á muller. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 44310, publicada no BOPG n.º 423, do 31.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.02.2019)



(0047158) Entrada da iniciativa



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/03/2019 12:59:07  
Nº Rexistro: 47158  
Data envío: 01/03/2019 12:59:07,654

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada o día 26 e 27 de febreiro de 2019, sobre as medidas que debe executar e impulsar a Xunta de Galicia para a mellora da formación continuada do persoal dos centros de información ás mulleres (10/INT-001449, doc. núm. 44310)

### Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implementar e impulsar as seguintes melloras na Rede CIM de Galicia e que permitan garantir o servizo integral e de calidade para todas as mulleres galegas, independentemente da súa localización no territorio, mellorando a accesibilidade ós servizos:

1. Consolidación da Rede integral de CIM en todo o territorio, especialmente no rural galego, impulsando en colaboración cos diferentes concellos a apertura de máis centros, independentes ou mancomunados, e que permitan cubrir a totalidade do territorio galego no horizonte do ano 2020.
2. Fomento da cooperación institucional e entre os propios CIM, así como de maior cooperación interautonómica, co fin de intercambiar experiencias e crear protocolos que permitan coordinar e optimizar as actuacións en materia de violencia de xénero.
3. Mellora do funcionamento da plataforma Xestión CIM, e revisión e estudo de melloras no sistema de implementación de datos para a xustificación das actuacións dos CIM, para velar pola confidencialidade na atención ás usuarias.
4. Garantir a inserción laboral de mulleres Vítimas de Violencia de Xénero por parte da Consellería de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, equiparando na partida orzamentaria existente de apoio á inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero a aportación dos fondos autonómicos ós recibidos este ano do Estado, e que permitan o acceso ó mercado laboral de todas as vítimas de violencia de xénero en risco de exclusión social e alta vulnerabilidade durante o ano 2019, xa sexa mediante convenios con empresas ou coas administracións locais.

CSV: 7TMJ055dU5  
Verificación:  
https://sede.parlamentodegalicia.gal/hantes/csv/



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 01/03/2019 12:59:07  
**Nº Rexistro: 47158**  
 Data envío: 01/03/2019 12:59:07.654

5. Asegurar a financiación autonómica da Rede CIM incorporando nos orzamentos do ano 2020 unha nova partida con fondos propios libres que permita, por un lado a subsistencia da Rede e por outro a mellora dos seus medios técnicos e así como de persoal:

- Impulso da incorporación dos perfís profesionais do ámbito do traballo social, a orientación e/ou intermediación laboral, e axentes de igualdade en todos os centros da Rede, con prioridade naqueles centros que atendan a unha poboación de máis de 20.000 habitantes.
- Mellora dos medios técnicos axeitados para o diagnóstico-avaliación das psicólogas, co fin de elaborar os informes para o xulgado.
- Aumento de recursos de acollemento, económicos e sociais, que permitan romper con situacións persoais de violencia en mulleres de alta vulnerabilidade.

6. Implementar desde o vindeiro ano 2020, a presentación durante o mes de xaneiro, do programa e axenda anual de formación dos e das profesionais dos CIM, atendendo ás realidades dos colectivos atendidos nestes centros (LGTBI, inmigrantes, mulleres e menores vítimas de violencia de xénero...) e as súas problemáticas (traumas, dependencia emocional, apego, adiccións e traumas) así como outras formacións suxeridas nos informes das memorias anuais dos CIM de toda Galicia.

Pazo do Parlamento, 01 de marzo de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López  
 Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
 Poratovoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 01/03/2019 12:57:04**

CSV: 7714055dJ5  
 Verificación:  
<https://nca/verificaci%C3%B3n/parlamento-de-galicia/gal/ramitas/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/03/2019 12:59:07**  
**Nº Rexistro: 47158**  
Data envío: 01/03/2019 12:59:07.654

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/03/2019 12:57:09**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



## (0047592) Emendas dos grupos parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/03/2019 18:18:59  
**Nº Rexistro: 47592**  
Data envío: 11/03/2019 18:18:59.968

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa da deputada **Paula Prado del Río**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á Moción 47158 (10/MOC-000130)** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, Sobre as melloras que debe implementar e impulsar a Xunta de Galicia en relación coa rede de centros de información á muller. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 44310, publicada no BOPG n.º 423, do 31.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.02.2019)

### Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implementar e impulsar as seguintes melloras na Rede CIM de Galicia e que permitan garantir o servizo integral e de calidade para todas as mulleres galegas, independentemente da súa localización no territorio, mellorando a accesibilidade ós servizos:

1. Consolidación da Rede integral de CIM en todo o territorio, especialmente no rural galego, impulsando en colaboración cos diferentes concellos a apertura de máis centros, independentes ou mancomunados, e que permitan cubrir a totalidade do territorio galego no horizonte do ano 2020.
2. Fomento da cooperación institucional e entre os propios CIM, así como de maior cooperación interautonómica, co fin de intercambiar experiencias e crear protocolos que permitan coordinar e optimizar as actuacións en materia de violencia de xénero.
3. Mellora do funcionamento da plataforma Xestión CIM, e revisión e estudo de melloras no sistema de implementación de datos para a xustificación das actuacións dos CIM, para velar pola confidencialidade na atención ás usuarias.
4. Extender o Programa de Inserción laboral para mulleres vítimas da violencia de xénero iniciado no ano 2016 a través das entidades de iniciativa social sin ánimo de lucro, neste ano 2019 ás entidades locais, así como ao tecido empresarial.
5. Seguir a apoiar á Rede autonómica de Centros de Información a Muller, a través de recursos económicos e técnicos axeitados:

CSV: mqr10eaj7  
Verificación:  
https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramos/csv/



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/03/2019 18:18:59  
**Nº Rexistro: 47592**  
Data envío: 11/03/2019 18:18:59.968

-Fomentar que nas entidades locais incorporen perfís profesionais a maiores dos que se recollen no artigo 10 do Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia.

-Aumento de recursos de acollemento, económicos e sociais, que permitan romper con situacións persoais de violencia en mulleres de alta vulnerabilidade

6. Implementar desde o vindeiro ano 2020, a presentación durante o mes de xaneiro, do programa e axenda anual de formación dos e das profesionais dos CIM, atendendo ás realidades dos colectivos atendidos nestes centros (LGTBI, inmigrantes, mulleres e menores vítimas de violencia de xénero...) e as súas problemáticas (traumas, dependencia emocional, apego, adicións e traumas) así como outras formacións suxeridas nos informes das memorias anuais dos CIM de toda Galicia."

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 11/03/2019 18:18:08**

**Paula Prado Del Río na data 11/03/2019 18:18:17**



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

### **3.3 10/MOC-000131 (0047162)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Otero Rodríguez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 25183, publicada no BOPG n.º 260, do 14.02.2018, e debatida na sesión plenaria do 26.02.2019)



(0047162) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substanciar a interpelación debatida na sesión plenaria do día 26 de febreiro de 2019, sobre a política da Xunta de Galicia para a igualdade laboral e salarial entre mulleres e homes (doc. núm. 25183).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1º) Que na contratación pública da Xunta de Galicia se apliquen as medidas contidas no artigo 34 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres.
- 2º) Que no relativo ás subvencións autonómicas se aplique o artigo 35 da Lei orgánica 3 /2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres.
- 3º) Crear un instintivo autonómico para as empresas en materia de igualdade, similar ao previsto no artigo 50 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres.
- 4º) Crear unha mesa de traballo con patronal e sindicatos para a conciliación horaria e a organización de horarios.
- 5º) Pedirle un informe ao Consello Galego de Relacións Laborais sobre as medidas a introducir na negociación colectiva para favorecer a igualdade e a redución da fenda salarial.
- 6º) Realizar unha composición equilibrada dos consellos de administración das empresa públicas da Xunta de Galicia.
- 7º) Presentar anualmente un informe con motivo da conmemoración do Día Internacional pola Igualdade Salarial, para dar conta da execución e avaliación das medidas adoptadas, facilitando estatísticas salariais desagregadas por sexos.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/03/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 47162**  
Data envío: 01/03/2019 16:22:51.268

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 01/03/2019 13:17:19**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/03/2019 13:17:33**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



(0047575) Emendas dos grupos parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/03/2019 17:11:34  
Nº Rexistro: 47575  
Data envío: 11/03/2019 17:11:34.754



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Vero** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **emendas á Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, núm. 47162 (10/MOC- 000131)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a Igualdade entre mulleres e homes, incluída na orde do día da sesión plenaria dos días 12 e 13 de marzo de 2019.

**Emenda nº 1, de substitución:**

Débase substituír o texto do punto 4º) polo seguinte:

“4º) Impulsar no inmediato unha negociación colectiva de ámbito galego, con patronal e sindicatos, co obxectivo de establecer medidas para acadar a igualdade salarial efectiva entre mulleres e homes, elevar os salarios galgos e para establecer melloras na conciliación e na organización horaria, dando cumprimento ao acordo parlamentario tomado o 28 de decembro do 2016.”

**Emenda nº 2, de adición:**

**Débense engadir os seguintes puntos:**

“8º) Impulsar cláusulas de contratación pública que garantan a non contratación por parte da Xunta con empresas que manteñan a fenda salarial entre homes e mulleres.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/03/2019 17:11:34  
**Nº Rexistro: 47575**  
Data envío: 11/03/2019 17:11:34.754



9º) Excluír nos procesos de contratación da Xunta a toda aquela empresa que nos últimos dous anos teña sido sancionada pola Inspección de Traballo ou condenada en sentenza xudicial por moobing maternal, discriminación de xénero ou calquera outra práctica sexista.”

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Deputada do G.P. de En Marea.  
Luís Villares Naveira,  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 11/03/2019 17:10:19**

**Luis Villares Naveira na data 11/03/2019 17:10:26**



(0047581) Emendas dos grupos parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/03/2019 17:36:34  
**Nº Rexistro: 47581**  
Data envío: 11/03/2019 17:36:34.030

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Moción**, doc. núm. **47162 [10/MOC-000131]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 25183, publicada no BOPG n.º 260, do 14.02.2018, e debatida na sesión plenaria do 26.02.2019), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 12 de marzo de 2019.

**Emenda de adición**


Engadir dous novos puntos coa seguinte redacción:

8) Corrixir a falta de cumprimento de aspectos recollidos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes e no que corresponde a Galiza respecto da lexislación estatal na materia.

9) Remitir á Cámara Galega no prazo de dous meses os resultados do presunto primeiro ano de impulso do Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021.”

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**





REGISTRADO  
BNG-720441712  
0451000

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/03/2019 17:36:34**  
**Nº Rexistro: 47581**  
Data envío: 11/03/2019 17:36:34.030

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/03/2019 17:30:09**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/03/2019 17:30:14**



#### **4. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.**

##### **4.1 10/PNP-000523 (0006062)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Teresa Egerique Mosquera  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles García Míguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - César Manuel Fernández Gil  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Aurelio Alfonso Núñez Centeno  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles Antón Vilasánchez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Isabel Novo Fariña  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago

Sobre a demanda do Goberno galego ao Concello de Vigo para que retorne ao consenso acadado para a modificación da Lei da área metropolitana de Vigo e ao cumprimento desta, así como do cumprimento do convenio asinado en materia de transporte metropolitano garantindo as mesmas tarifas para todas as persoas usuarias con independencia do seu lugar de procedencia

(0006062) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/03/2017 16:30  
**Nº Rexistro: 6062**  
Data envío: 03/03/2017 14:54:40.859

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, Alberto Pazos Couñago, Teresa Egerique Mosquera, María Angeles García Miguez, Paula Prado del Río, César Fernández Gil, Aurelio Núñez Centeno, María Antón Vilasánchez, Julia Rodríguez Barreira e Isabel Novo Fariña, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

O pasado 22 de febreiro cumpríase o primeiro aniversario da xuntanza celebrada na Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Vigo na que, a Xunta de Galicia, representada polo seu Vicepresidente, Don Alfonso Rueda Valenzuela, e os Alcaldes e Alcaldesas dos catorce concellos que compoñen a Área Metropolitana de Vigo, alcanzaron un acordo para impulsar a efectiva posta en marcha da entidade metropolitana.

O acordo establecía que unha vez presentado o texto que recollía o acordo sobre os termos da modificación da Lei 4/2012, da Área Metropolitana de Vigo, debían cumprirse dúas condicións para a súa tramitación :

1.- Ratificación do texto reformado polo órgano municipal competente de cada un dos catorce concellos.

2.- Completo acordo dos catorce concellos sobre a incorporación do Concello de Vigo ao Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, sen que esta incorporación signifique ningún incremento na aportación prevista no mesmo, para a Xunta de Galicia ou para os outros concellos, nin limitación algunha ao número de persoas usuarias.

O documento tamén recollía que unha vez cumpridas estas dúas condicións, a Xunta de Galicia debería iniciar o procedemento de modificación do devandito texto legal para a súa aprobación en Consello da Xunta de Galicia e posterior remisión ao Parlamento de Galicia.

Transcurrido mais dun ano da sinatura deste acordo podemos constatar que os catorce concellos metropolitanos ratificaron o mesmo, e que a Xunta de Galicia, a pesares dos continuos e reiterados retrasos do Concello de Vigo no cumprimento da súa incorporación ao plan de transporte metropolitano, aludindo dificultades técnicas, iniciou a tramitación da modificación da lei da Área Metropolitana de Vigo e a



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/03/2017 16:30  
Nº Rexistro: 6062  
Data envío: 03/03/2017 14:54:40.859

completou, sendo esta remitida ao Parlamento de Galicia trala súa aprobación no Consello da Xunta de Galicia celebrado en data 12 de maio de 2016.

Trala pertinente tramitación parlamentaria, a Lei 14/2016, do 27 de xullo, pola que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, foi aprobada por unanimidade do Parlamento de Galicia na sesión celebrada o 12 de xullo de 2016.

En consecuencia, solo resta unha condición para que se complete o acordo alcanzado o 23 de febreiro de 2016, a incorporación efectiva do transporte urbano de Vigo ao Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.

Lamentablemente, transcurridos mais de doce meses dende que o Alcalde da cidade olívica suscribira ese compromiso, nin un só usuario da tarxeta de transporte metropolitano foi que de acceder a autobus urbano de Vigo, e impedindo así a consumación dos acordo para a posta en marcha efectiva da Área Metropolitana de Vigo.

A fin de poñer fin a esta inxustificable situación de bloqueo dun ente creado para beneficio de todos os cidadáns da Área Metropolitana de Vigo, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para:

- 1.- Dirixirse ao Concello de Vigo para solicitarlle o retorno ao consenso entre os concellos e o goberno galego que permitiu a modificación da lei da Área Metropolitana de Vigo e a súa aprobación por unanimidade no Parlamento de Galicia, así como a exisirlle o seu cumprimento.
- 2.- Demandar ao Concello de Vigo que cumpra o convenio asinado en materia de transporte metropolitano, garantindo as mesmas tarefas para tódalas persoa usuarias, con independencia do seu lugar de procedencia”.

Santiago de Compostela, 3 de marzo 2.017.

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/03/2017 16:30  
**Nº Rexistro: 6062**  
Data envío: 03/03/2017 14:54:40.859

**Pedro Puy Fraga na data 03/03/2017 14:43:23**

**Alberto Pazos Couñago na data 03/03/2017 14:43:43**

**Teresa Egerique Mosquera na data 03/03/2017 14:46:38**

**María Ángeles García Míguez na data 03/03/2017 14:46:54**

**Paula Prado Del Río na data 03/03/2017 14:47:07**

**César Manuel Fernández Gil na data 03/03/2017 14:47:34**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 03/03/2017 14:48:07**

**Maria Antón Vilasánchez na data 03/03/2017 14:48:27**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 03/03/2017 14:48:47**

**María Isabel Novo Fariña na data 03/03/2017 14:49:43**





## (0047576) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, **Abel Losada Álvarez**, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a demanda do Goberno galego ao Concello de Vigo para que retorne ao consenso acadado para a modificación da Lei da área metropolitana de Vigo e ao cumprimento desta, así como do cumprimento do convenio asinado en materia de transporte metropolitano garantindo as mesmas tarifas para todas as persoas usuarias con independencia do seu lugar de procedencia (10/PNP-000523, doc. núm. 6062)

### Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Promover a efectiva entrada en vigor da Área Metropolitana de Vigo retirando o recurso contencioso presentado pola Xunta de Galicia sobre a súa constitución, o que supuxo a súa total paralización.
2. Sumarse ao consenso existente entre o resto dos partidos políticos dos concellos da Área Metropolitana, que supoñen a maioría no goberno da mesma, para desenvolver a súa posta en marcha.
3. Respetar a súa plena autonomía ao respecto das funcións que por lei ten encomendada á Área Metropolitana de Vigo, sen ningunha clase de interferencia, inxerencia ou establecemento de condicións previas por parte da Administración autonómica.
4. Que en materia de transporte metropolitano a Administración autonómica asuma os custos vinculados directamente as súas competencias exclusivas nesta materia.
5. Facilitar o acceso ao transporte metropolitano ao concello de Gondomar, tal e como foi repetidamente demandado, cesando no seu trato discriminatorio con este concello.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/03/2019 17:22:22**  
**Nº Rexistro: 47576**  
Data envío: 11/03/2019 17:22:22.673

6. Constituír á Área Metropolitana de Vigo inmediatamente despois das eleccións municipais do próximo mes de maio.”

Pazo do Parlamento, 11 de marzo de 2019

Asdo.: Abel Losada Álvarez  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 11/03/2019 17:09:40**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/03/2019 17:09:47**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

## (0047590) Emendas dos Grupos Parlamentarios



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/03/2019 18:16:35  
**Nº Rexistro: 47590**  
Data envío: 11/03/2019 18:16:35,305

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **6062 [10/PNP-000523]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre a demanda do Goberno galego ao Concello de Vigo para que retorne ao consenso acadado para a modificación da Lei da área metropolitana de Vigo e ao cumprimento desta, así como do cumprimento do convenio asinado en materia de transporte metropolitano garantindo as mesmas tarifas para todas as persoas usuarias con independencia do seu lugar de procedencia, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 12 de marzo de 2019.

### Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento acorda instar á Xunta de Galiza a que resolva as discrepancias co Concello de Vigo a respecto do convenio subscrito o 6 de xullo de 2016 para a integración de Vigo no transporte metropolitano, mediante o procedemento contemplado na cláusula 10 do citado convenio.”

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
Deputado do G.P. do BNG  
**Ana Pontón Mondelo**  
Portavoz do G.P. do BNG





RECIBIDO  
09/03/2019 18:16:35  
9451005

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza




**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/03/2019 18:16:35**  
**Nº Rexistro: 47590**  
Data envío: 11/03/2019 18:16:35.305

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/03/2019 18:16:19**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/03/2019 18:16:24**





## (0047593) Emendas dos Grupos Parlamentarios



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 11/03/2019 18:23:44  
**Nº Rexistro: 47593**  
 Data envío: 11/03/2019 18:23:44.154



### Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei, doc. núm. 6062**, do Grupo Parlamentario Popular, sobre a demanda do Goberno galego ao Concello de Vigo para que retorne ao consenso acadado para a modificación da Lei a área metropolinana de Vigo e ao cumprimento desta, así como do cumprimento do convenio asinado en materia de transporte metropolitano garantindo as mesmas tarifas para todas as persoas usuarias con independencia do seu lugar de procedencia, incluída na orde do día do 12 de marzo de 2019 (10/PNP-000523)

### Emenda de MODIFICACIÓN

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a, unha vez constituídos os novos Gobernos municipais da área metropolitana de Vigo, traballar na busca dun novo acordo entre a Administración autonómica e os Concellos.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/03/2019 18:23:44**  
**Nº Rexistro: 47593**  
Data envío: 11/03/2019 18:23:44.154



**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 11/03/2019 18:22:48**

**Luis Villares Naveira na data 11/03/2019 18:22:55**



#### **4.3 10/PNP-003247 (0043460)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a mellora da situación da atención primaria

(0043460) Entrada da iniciativa



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/01/2019 10:32:02  
**Nº Rexistro: 43460**  
Data envío: 15/01/2019 10:32:02.818

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para reverter a situación de deterioro da Atención Primaria.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todos os camiños da política sanitaria do PP tiveron como fin a privatización e o desmantelamento da sanidade pública galega, a base de recortes continuos e de pór os recursos da sanidade pública ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas. Durante os últimos nove anos, o PP, con Nuñez Feixóo á cabeza, impulsou todo tipo de medidas que afondaron no desmantelamento da sanidade pública: Redución de orzamentos, de centos de profesionais, de máis de 700 camas, privatización masiva de servizos, derivacións de doentes a centros privados...

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes, destínanse nos orzamentos da Xunta para 2019 188 millóns de euros menos que os que había en 2009, cun recorte acumulado de arredor de 2.188 millóns de euros.







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/01/2019 10:32:02**  
**Nº Rexistro: 43460**  
 Data envío: 15/01/2019 10:32:02.818



REGISTRADO  
 BNG-720441119  
 9451000  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

As consecuencias son tremendas: Masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitución, as listas de espera dunha semana, 10 días para o médico de familia, peche de axendas, saturacións, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, PACs ao límite...

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego poñer en marcha un Plan de Mellora de Atención Primaria que contemple como mínimo as seguintes medidas:


-Aumentar o investimento até chegar como mínimo ao 20% do orzamento, no inmediato proceder a un aumento de 200 millóns de euros.

-Incrementar o número de profesionais en todas as categorías tanto nos centros de saúde como nos PACs.

-Convocar a totalidade das prazas vacantes.

-Substituír aos profesionais nas súas ausencias.

-Mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs





REXISTRO  
8861702041112  
9451000

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/01/2019 10:32:02**  
**Nº Rexistro: 43460**  
Data envío: 15/01/2019 10:32:02.818

-Recuperación das Xerencias de Atención Primaria con capacidade resolutiva e orzamentaria

-Incrementar as prazas de especialistas en pediatria e medicina familiar e comunitaria.”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2019

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2019 10:25:15**

CSV: REXISTRO-3NUTq9z-2  
Verificación:  
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/01/2019 10:32:02**  
**Nº Rexistro: 43460**  
Data envío: 15/01/2019 10:32:02.818

**Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2019 10:25:20**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/01/2019 10:25:21**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2019 10:25:22**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2019 10:25:24**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/01/2019 10:25:26**





## (0047577) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario de do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a mellora da situación da atención primaria (10/PNP-003247, doc. núm. 43460).

### Emenda de modificación

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Asumir as reivindicacións dos colectivos de profesionais dos PAC referidas a:

- a) Dotación de equipos completos nos PAC (profesional de enfermería e medicina).
- b) Dar cumprimento ás Directivas Europeas en materia de tempos de traballo do persoal dos PAC.
- c) Dotar aos PAC de persoal suficiente en todas as categorías en función de criterios obxectivos de carga asistencial, dispersión, distribución etárea, distancia a hospital e número de mobilizacións do 061.
- d) Mudar o cómputo horario do persoal dos PAC de maneira que non se contabilicen as incapacidades temporais e permisos retribuídos como tempo non traballado.
- e) Elaborar un plan de continxencias que permita manter persoal dispoñible en todo o momento para poder cubrir as ausencias.

2. Elaborar un novo Plan de mellora de atención primaria que inclúa:

- a) Recuperación das xerencias de atención primaria coa dotación orzamentaria axeitada para desenvolver a súa labor propia e xestión directa sobre el.
- b) Desenvolver un plan de contratación de profesionais de todas as categorías para a atención primaria.
- c) Aumento do orzamento dedicado a atención primaria ata chegar nun prazo de dous anos á mesma contía que nos orzamentos de 2009.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/03/2019 17:22:44**  
**Nº Rexistro: 47577**  
Data envío: 11/03/2019 17:22:44.780

- d) Axilizar os procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, para poder convocar o maior número posible.  
 e) Convocar o número máximo de prazas de Medicina Familiar e Comunitaria que están acreditadas.”

Pazo do Parlamento, 11 de marzo de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
 Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
 Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 11/03/2019 17:13:12**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/03/2019 17:13:18**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

#### **4.4 10/PNP-003328 (0044557)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Isabel Novo Fariña  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jesús Miguel Prado Patiño  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Mouriño Villar  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - César Manuel Fernández Gil

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de cubrir as vacantes na Unidade de Policía Adscrita a Galicia e de incrementar os seus efectivos ata un mínimo de catrocentos setenta e cinco



(0044557) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/01/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 44557  
Data envío: 24/01/2019 14:18:00.000

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **María Isabel Novo Fariña, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, María Julia Rodríguez Barreira e César Manuel Fernández Gil**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Mediante unha Orde do Ministerio do Interior de xuño de 1991, se adscribe unha Unidade do Corpo Nacional de Policía á Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento do previsto no Real Decreto 221/1991, do 10 de febreiro, e tamén en base ao acordo de colaboración entre o Ministerio do Interior e a Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, formalizado en outubro de 1990.

Na prórroga deste Acordo, de outubro de 2005, estando o Partido Socialista tanto no Goberno de Galicia coma no Goberno do Estado, se determinaba o número de efectivos do cadro de persoal desta Unidade de Policía Adscrita (UPA), fixándoo en 500 efectivos.

Sen embargo, desde o ano 2008 e posteriores se producira na UPA unha incesante perda de persoal, ata baixar aos 348 efectivos no ano 2011, sen que o Goberno socialista do Estado fixese nada por remediar esta situación.

Tivo que ser o novo Goberno do PP en Madrid, o que, practicamente desde o comezo, en xaneiro de 2012 adoptase a decisión de fortalecer o persoal da UPA, convocando nos anos 2012 e 2013 sendos concursos para a provisión de prazas na Unidade, que chegou ao seu teito histórico a mediados de 2013 con 474 efectivos, o que supón o 95% do seu cadro de persoal.

Deste xeito a UPA desde o ano 2013 fora incrementando competencias, especialmente ás referidas á protección de mulleres vítimas de violencia de xénero, pero tamén fortalecendo a loita contra os incendios forestais e contra furtivismo e marisqueo ilegal.

CSV: REXISTRO-HLUURGP-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramtes/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/01/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 44557  
Data envío: 24/01/2019 14:18:00.000

Pero agora de novo, motivado por varios factores como xubilacións, ascensos e pases á segunda actividade, a UPA perdeu demasiados efectivos.

Nese sentido, no programa electoral co que nos presentamos ás eleccións autonómicas do ano 2016, comprometimos que *“Propiciaremos a mellora dos medios humanos e materiais da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA), de xeito que permita a creación de novos equipos operativos, cumprindo máis eficaz e eficientemente as súas funcións, dando así mellor resposta ás demandas da sociedade galega. Neste sentido, manteremos as liñas de colaboración co Ministerio de Interior, semellantes ás que permitiron incrementar nos anos 2012 e 2013 o número de efectivos da UPA, e asinar en 2014 e 2015 sendos protocolos de colaboración”*.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o debate en Pleno:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno do Estado que por parte do Ministerio do Interior, a través da *Dirección General de la Policía* se articule un concurso de méritos na Policía Nacional que permita cubrir vacantes na Unidade de Policía Adscrita para incrementar canto menos ata 475 os seus efectivos, de xeito que esta Unidade poida cumprir coas funcións que actualmente está prestando”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 24/01/2019 14:01:03**

**María Isabel Novo Fariña na data 24/01/2019 14:01:39**

CSV: REXISTRO-HLUJRGSP-6  
Verificación:  
https://sede.parlamentodegalicia.es/gal/tramites/csv/



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/01/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 44557**  
Data envío: 24/01/2019 14:18:00.000

**Paula Prado Del Río na data 24/01/2019 14:02:05**

**Jacobo Moreira Ferro na data 24/01/2019 14:02:19**

**Antonio Mouriño Villar na data 24/01/2019 14:02:48**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 24/01/2019 14:04:31**

**César Manuel Fernández Gil na data 24/01/2019 14:05:02**

CSV: REXISTRO-HLUJRP-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

## (0047574) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de cubrir as vacantes na Unidade de Policía Adscrita a Galicia e de incrementar os seus efectivos ata un mínimo de catrocentos setenta e cinco (doc. núm. 44557).

### Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a impulsar as actuacións necesarias para avanzar na asunción de competencias pola Comunidade Autónoma en materia de Policía autonómica, conforme ás previsións da Lei 8/2007, do 13 de xuño, de policía de Galicia.”

Pazo do Parlamento, 11 de marzo de 2019

### Asinado dixitalmente por:

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/03/2019 16:41:01**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/03/2019 16:41:13**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



## (0047580) Emendas dos Grupos Parlamentarios



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 11/03/2019 17:29:38  
**Nº Rexistro: 47580**  
 Data envío: 11/03/2019 17:29:38,679



### Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada e voceira suplente **Carmen Santos Queiruga** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei do G. P. Popular número 44557 (10/PNP 003328)**, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de cubrir as vacantes na Unidade de Policía Adscrita a Galicia e de incrementar os seus efectivos ata un mínimo de catrocentos setenta e cinco, incluída na orde do día da sesión plenaria dos días 12 e 13 de marzo de 2019.

#### **Emenda de substitución da parte resolutiva.**

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno Central a cesión das competencias oportunas, e adoptar as medidas necesarias para a creación do corpo de policía integrada para Galicia, procedendo ata a culminación do proceso a incrementar os efectivos actuais da policía adscrita.”

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2019.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Deputada e voceira S. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/03/2019 17:29:38**  
**Nº Rexistro: 47580**  
Data envío: 11/03/2019 17:29:38.679



**Carmen Santos Queiruga na data 11/03/2019 17:28:59**

CSV: EUgTyrov64  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## (0047583) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 11/03/2019 17:41:43  
**Nº Rexistro: 47583**  
 Data envío: 11/03/2019 17:41:43.401

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **44557[10/PNP-003328]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de cubrir as vacantes na Unidade de Policía Adscrita a Galicia e de incrementar os seus efectivos ata un mínimo de catrocentos setenta e cinco, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 12 de marzo de 2019.

### Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a desenvolver e cumprir o previsto na Lei 8/2007 de policía de Galicia.”

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: 352xUvAkH1  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/hambres/csv/>



**Asinado dixitalmente por:**



REGISTRO  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Nº 47583

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 11/03/2019 17:41:43

Nº Rexistro: 47583

Data envío: 11/03/2019 17:41:43.401

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/03/2019 17:20:27**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/03/2019 17:20:33**

CSV: 382cUvAk-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





#### **4.5 10/PNP-003350 (0044794)**

Grupo Parlamentario de En Marea - Eva Solla Fernández

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan de mellora da atención primaria, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación coa dotación de persoal e horarios de traballo dos puntos de atención continuada



(0044794) Entrada da iniciativa



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 29/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 44794**  
 Data envío: 28/01/2019 19:05:24,860



### Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

#### Exposición de motivos:

A Atención Primaria está orientada á promoción da saúde e a prevención da enfermidade, o que supón un eixo fundamental no sistema sanitario que funciona como o elemento coordinador e como porta de entrada do sistema. A Lei Xeral de Sanidade, asigna a AP unha función de xestión e coordinación dos procesos asistenciais así como a atención dos pacientes no sistema, orientada a prestar unha atención integral e facilitar a accesibilidade dos servizos.

Apostar por unha AP de calidade, suporía unha mellora para o conxunto da sanidade pública que se fai totalmente necesaria nunha sociedade, na que as condicións sociais e de saúde están mudando de xeito acelerado, influídas polo envellecemento da poboación que provoca a cronicidade de moitas patoloxías, polo que as melloras no primeiro nivel da cadea asistencial resultan totalmente necesarias.

Con todo, coas políticas levadas a cabo nestes últimos anos, a AP na sanidade pública de Galicia está a sufrir un dos deterioros máis agudos do Servizo Galego de Saúde.

Coa excusa da crise, a perda de recursos económicos, humanos e tecnolóxicos, masifica e precariza a AP perpetuando a falta de tempo de consulta, a baixa calidade da atención e unha escasa capacidade resolutiva, producindo unha descapitalización do primeiro nivel asistencial.

CSV: REXISTRO-GRYVF446  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/hamas/csv/>







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 29/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 44794**  
 Data envío: 28/01/2019 19:05:24.860



Os recortes orzamentarios así como a suspensión do Plan de Mellora da Atención Primaria para o que estaba previsto a construción de novos Centros de Saúde e a creación de prazas de medicina de familia, pediatría ou enfermería, son exemplos do desmantelamento que se está a producir.

A política que está levando a cabo o goberno galego coa sanidade pública e concretamente coa AP, utiliza como modelo as xestións privatizadoras empregadas por outras autonomías como por exemplo Madrid.

A posta en marcha das xerencias integradas e a eliminación das xerencias de AP, xunto con todos os recortes enumerados, anularon a capacidade de xestión e influencia deste nivel asistencial, deixando de contemplar a AP como eixo fundamental do sistema, favorecendo a creación de entidades empresariais e novas formas de xestión privada como consecuencia do desmantelamento da calidade na sanidade pública para facilitar a entrada do sector privado no Sistema Sanitario Público.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Elaborar un Plan de mellora da Atención Primaria, dotándoa de persoal, equipamento e acceso aos recursos orzamentarios necesarios para garantir políticas de promoción e prevención da saúde, así como unha asistencia de calidade, recuperando as xerencias de Atención Primaria para unha mellora da capacidade decisoria e de xestión.
- Dotar os Puntos de Atención Continuada de equipos completos (Profesional de enfermería e medicina).
- Dar cumprimento ás Directivas Europeas en materia de tempos de traballo do persoal dos Puntos de Atención Continuada.





PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 44794**  
Data envío: 28/01/2019 19:05:24.860



- Dotar os Puntos de Atención Continuada de persoal suficiente en función de criterios obxectivos baseados na carga asistencia, dispersión, distribución etaria, distancia ao hospital e número de mobilizacións polo 061.
- Mudar o actual cómputo horario do persoal dos Puntos de Atención Continuada de maneira que non se contabilicen as incapacidades temporais e permisos retribuídos como tempo non traballado.
- Elaborar un plan de continxencias que permita manter persoal dispoñible en todo o momento para poder cubrir as ausencias.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 28/01/2019 19:04:07**

**Luis Villares Naveira na data 28/01/2019 19:04:15**



## (0047578) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/03/2019 17:23:02  
Nº Rexistro: 47578  
Data envío: 11/03/2019 17:23:02.655

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan de mellora da atención primaria, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación coa dotación de persoal e horarios de traballo dos puntos de atención continuada (10/PNP-003350, doc. núm. 44794).

#### Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Asumir as reivindicacións dos colectivos de profesionais dos PAC referidas a:

- a) Dotación de equipos completos nos PAC (profesional de enfermería e medicina).
- b) Dar cumprimento ás Directivas Europeas en materia de tempos de traballo do persoal dos PAC.
- c) Dotar aos PAC de persoal suficiente en todas as categorías en función de criterios obxectivos de carga asistencial, dispersión, distribución etárea, distancia a hospital e número de mobilizacións do 061.
- d) Mudar o cómputo horario do persoal dos PAC de maneira que non se contabilicen as incapacidades temporais e permisos retribuídos como tempo non traballado.
- e) Elaborar un plan de continxencias que permita manter persoal dispoñible en todo o momento para poder cubrir as ausencias.

2. Elaborar un novo Plan de mellora de atención primaria que inclúa:

- a) Recuperación das xerencias de atención primaria coa dotación orzamentaria axeitada para desenvolver a súa labor propia e xestión directa sobre el.
- b) Desenvolver un plan de contratación de profesionais de todas as categorías para a atención primaria.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/03/2019 17:23:02**  
**Nº Rexistro: 47578**  
Data envío: 11/03/2019 17:23:02.655

- c) Aumento do orzamento dedicado a atención primaria ata chegar nun prazo de dous anos á mesma contía que nos orzamentos de 2009.
- d) Axilizar os procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, para poder convocar o maior número posible.
- e) Convocar o número máximo de prazas de Medicina Familiar e Comunitaria que están acreditadas.”

Pazo do Parlamento, 11 de marzo de 2019


Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 11/03/2019 17:13:31**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/03/2019 17:13:36**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

#### **4.6 10/PNP-003393 (0045209)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Xoaquín María Fernández Leiceaga

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Vilán Lorenzo

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Juan Manuel Díaz Villoslada

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa asunción de novas competencias pola Comunidade Autónoma



(0045209) Entrada da iniciativa



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 04/02/2019 10:30:55  
**Nº Rexistro: 45209**  
 Data envío: 04/02/2019 10:30:55,351

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa do deputado-portavoz, **Xoaquín Fernández Leiceaga**, da deputada **Patricia Vilán Lorenzo** e do deputado **Juan Manuel Díaz Villoslada**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

### Exposición de motivos

Os diversos gobernos baixo a presidencia do Sr. Feijóo caracterízanse polo completo abandono sobre as demandas de máis competencias para a Comunidade Autónoma Galicia. Así nos últimos dez anos non foi solicitada ningunha nova cuestión que supuxera a ampliación das funcións do autogoberno galego, nin se activou con este cometido a Comisión Mixta de Transferencias.

Incluso os anuncios realizados dende o Partido Popular parecen ir en dirección contraria, ao defender dende a súa máxima representación que a Administración xeral do Estado recupere competencias que hoxe corresponden a nosa Comunidade Autónoma, en cuestións como, por exemplo, a educación, a xustiza ou sanidade. Ou cando se afirma que o Estado das Autonomías chegou o seu límite e non se realizara ningunha competencia máis cara ás comunidades autónomas.

Esta posición política coincide e resulta congruente co balance de cero transferencias nos últimos dez anos para Galicia, onde maioritariamente gobernou no Goberno central o Partido Popular, e vén a contrastar a nivel galego co dinamismo de anos precedentes dos anteriores gobernos autonómicos, aínda de diverso signo político.

É preciso recordar a este respecto que a última actuación do Goberno galego foi realizado polo Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño. En concreto o consello da Xunta de Galicia celebrado o 3 de novembro de 2005, aproba un completo informe ao respecto das competencias que poderían ser asumidas pola nosa Comunidade Autónoma. Tal documento resulta na actualidade un informe xeral válido que poder servir de base para a asunción de novas competencias e de ampliación do autogoberno para Galicia.

CSV REXISTRO: 6LURFVnFc-8  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/hantes/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Tlf: 981 551 530 • gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 04/02/2019 10:30:55  
**Nº Rexistro: 45209**  
 Data envío: 04/02/2019 10:30:55.351

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar a cabo as actuacións necesarias para avanzar na asunción de novas competencias pola Comunidade Autónoma, asumindo a este respecto o Informe realizado polo Goberno galego para a Comisión Mixta de transferencias de data 3 de novembro de 2005, dando prioridade ás seguintes materias:

1. Arquivos históricos e os seus fondos
2. Funcionarios de habilitación nacional de administración local
3. Expedición de títulos de Xestor administrativo
4. Formación continua na administración local
5. Xestión do dominio público marítimo terrestre e ordenación de usos e actividades
6. Outorgamento de concesións e autorizacións para a utilización do dominio público marítimo- terrestre
7. Obras de conservación e mellora do dominio público marítimo-terrestre
8. Delegación das funcións de inspección sobre embarcacións marítimas
9. Policía Autonómica Galega
10. Tráfico e Seguridade viaria
11. Demarcación xudicial
12. Execución das normas de Seguridade privada
13. Funcións e servizos relacionados coa agricultura e desenvolvemento rural aínda non traspasados
14. Seguros agrarios
15. Política forestal aínda non traspasada
16. Xestión conveniada do Catastro
17. Canón sobre concesións da Comunidade no dominio público portuario.
18. Espazos pesqueiros e deportivos integrados nos portos de interese xeral do Estado
19. Instalacións previstas no artigo 110.b da lei de costas
20. Servizos de proximidade ferroviaria.
21. AP- 53
22. Transporte fluvial
23. Actividade administrativa en materia de Propiedade industrial
24. Actividade administrativa en materia de Propiedade intelectual
25. Formación profesional náutico pesqueira
26. Inspección de traballo e Seguridade Social
27. Seguro escolar

CSV: REXISTRO-5LURFVhFc-8  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 04/02/2019 10:30:55  
**Nº Rexistro: 45209**  
 Data envío: 04/02/2019 10:30:55.351

- 28. Paradores de Turismo
- 29. Expedición e homologación de Títulos e estudos estranxeiros de ensino universitario
- 30. Sanidade penitenciaria"

Pazo do Parlamento, 04 de febreiro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
 Deptado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia  
 Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
 Juan Manuel Díaz Villoslada  
 Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/02/2019 10:30:05**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 04/02/2019 10:30:17**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/02/2019 10:30:24**

CSV: REXISTRO-5LURFVhFc-8  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



## (0047591) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/03/2019 18:16:45  
**Nº Rexistro: 47591**  
Data envío: 11/03/2019 18:16:45,944

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **45209[10/PNP-003393]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa asunción de novas competencias pola Comunidade Autónoma, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 12 de marzo de 2019.

### Emenda de adición

Engadir ao final o seguinte texto:

“Asemade, o Parlamento insta á Xunta de Galiza a que abandone a súa pasividade e dea cumprimento o acordo parlamentar polo que se demanda a transferencia a Galiza de todas as competencias que foron transferidas a Catalunya e Euskadi.”

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
Deputado do G.P. do BNG  
**Ana Pontón Mondelo**  
Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza




**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/03/2019 18:16:45**  
**Nº Rexistro: 47591**  
Data envío: 11/03/2019 18:16:45.944

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/03/2019 18:13:34**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/03/2019 18:13:38**





#### **4.8 10/PNP-003467 (0046293)**

Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Quinteiro Araújo  
Grupo Parlamentario de En Marea - Julia Torregrosa Sañudo  
Grupo Parlamentario de En Marea - José Manuel Lago Peñas

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa fenda salarial de xénero e as desigualdades existentes no mercado laboral, así como coa revalorización das pensións

(0046293) Entrada da iniciativa



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/02/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 46293  
Data envío: 13/02/2019 19:15:56.006



#### Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo** e **Julia Torregrosa Sañudo** e do seu deputado **Manuel Lago Peñas**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As desigualdades de xénero están presentes en todos os espazos da vida, o mercado laboral non é unha excepción, de feito, as formas que adoptan estas neste ámbito son múltiples, sendo un problema permanente e estrutural que afecta ao conxunto das mulleres.

A pesar de existir lexislación específica para evitar estas, os datos amosan que aínda queda moito por avanzar para poder afirmar que existe igualdade neste ámbito.

Se analizamos os datos do INE, comprobamos como, a diferenza salarial entre os homes e mulleres de Galicia ascende ata os 5.480 euros de media.

A evolución da fenda salarial nos últimos anos ademais é moi negativa, pasouse dun 26,5% no ano 2014, ata un 30% na actualidade.

As razóns deste mantemento da desigualdade son múltiples. Por unha banda, os traballos asignados historicamente as mulleres, continúan a ser peor retribuídos fronte a empregos moi similares onde o emprego masculino é maioritario.

Se comparamos, por exemplo, o sector téxtil co metal, observamos como por





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 14/02/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 46293**  
 Data envío: 13/02/2019 19:15:56.006



traballos e con categorías similares unha persoa que traballa na primeira, mulleres a maioría, como oficial especialista ten un salario bruto anual de 13.588 euros mentres que no metal, onde son homes maioritariamente, cobrarían 20.741 euros.

Por iso, compre facer unha comparación por sectores, analizando, por exemplo, a existencia de complementos salariais e a súa xustificación.

A maioría das medidas tomadas na actualidade van encamiñadas a resolver as diferenzas existentes nunha mesma empresa, isto é importante, xa que continúan existindo, pero debemos ter presente que esta é máis fácil de detectar e solventar, e atender a que o verdadeiro reto son as solucións sectoriais máis amplas. Polo que hai que avanzar propostas legislativas que eviten que se negocien os convenios de sectores feminizados a baixa.

A situación é especialmente preocupante nos tramos salariais máis baixos, xa que nestes, a fenda salarial é moito máis acusada. As mulleres somos as que temos empregos máis precarios con moita diferenza. Do conxunto das persoas traballando a tempo parcial, un 77% son mulleres.

O Parlamento Galego aprobou o 28 de decembro de 2016, a apertura dunha mesa de diálogo entre patronal e sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan iniciar a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal e incluír lograr a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres no ano 2020. Pero, a día de hoxe, non se coñecen avances nesta cuestión.

Por outra banda, unha das razóns de que persista a segregación vertical así como

CSV: REXISTRO-PF-ygARME-9  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramtas/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 14/02/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 46293**  
 Data envío: 13/02/2019 19:15:56.006



a feminización da precariedade e do traballo parcial, é a distribución desigual do traballo de coidados. Mentres este non se reparta de maneira equitativa, as mulleres continuaran sendo discriminadas.

Somos as que coidamos de maneira moi maioritaria, pero esta realidade permanece oculta da maioría de enquisas.

Segundo datos do IGE do ano 2018, fronte as 26.200 mulleres con redución de xornada por coidados, había 1.500 homes. É evidente que as actuais políticas de fomento da conciliación e da corresponsabilidade non están sendo efectivas.

Estas desigualdades conlevan que a fenda de xénero se manteña nas pensións. Existe unha diferenza de 358 euros de media entre o que cobran os homes e as mulleres. Unha diferenza que condena a moitas pensionistas a ter unha retribución de miseria.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Dar cumprimento do acordo parlamentario tomado o 28 de decembro do 2016 para lograr a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres no ano 2020.
2. Elaborar unha estratexia galega para a eliminación da fenda salarial que teña como primeiro paso realizar un estudo cualitativo e cuantitativo sobre esta, que analice as diferencias entre traballos e categorías similares, contando para a súa elaboración coas organizacións feministas e coas centrais sindicais.

CSV: REXISTRO-PF-ygARME-9  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 14/02/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 46293**  
 Data envío: 13/02/2019 19:15:56.006



3. Implementar mecanismos, de maneira permanente, para mellorar os indicadores que forman parte das estatísticas acerca do emprego, superando a mera segregación por sexos, e incorporar os datos referidos ao tempo de traballo de maneira non remunerada, para avaliar a incidencia do traballo reprodutivo e categorizar o seu valor.
4. Levar adiante un plan para fomentar a implantación e cumprimento dos Plans de Igualdade no conxunto das empresas antes do ano 2020.
5. Implementar, no marco das súas competencias, os permisos de maternidade e paternidade iguais, intransferibles e remunerados ao 100%.
6. Presentar, no primeiro semestre do ano 2020, un plan, acompañado de plan orzamentario, que permita garantir a gratuidade total do ensino de 0 a 3 anos, de xeito progresivo.
7. A instar ao Goberno do Estado Español para que:
  - a) Leven adiante un cambio na regulación do traballo a tempo parcial para facela máis garantista, derogando as últimas reformas laborais, que aumentan o grado de desprotección da clase traballadora, especialmente das mulleres.
  - b) Aumentar o número de inspeccións de traballo, levando adiante plans específicos de control das irregularidades en contra das mulleres.
  - c) Impulsar a transparencia na información que deben dar as empresas sobre o soldo dos seus empregados e empregadas, as cales han de publicar as retribucións completas (salario base e todo tipo de complementos) de mulleres e homes.

CSV: REXISTRO-PF-yGArME-9  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/02/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 46293**  
Data envío: 13/02/2019 19:15:56.006



d) Demandar que se estableza un mecanismo de revalorización das pensións que asegure, cando menos, que se manteña o poder adquisitivo, facendo que medren cada ano o mesmo que o IPC.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo  
Julia Torregrosa Sañudo  
Manuel Lago Peñas  
Deputadas e deputado do G.P. de En Marea  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 13/02/2019 19:05:19**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 13/02/2019 19:05:28**

**José Manuel Lago Peñas na data 13/02/2019 19:05:36**

**Luis Villares Naveira na data 13/02/2019 19:05:43**

CSV: REXISTRO-PFyGArME-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## (0047585) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa fenda salarial de xénero e as desigualdades existentes no mercado laboral, así como coa revalorización das pensións (doc.46293).

#### Emenda de modificación

O punto 6 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte contido:

6. Colaborar co Goberno de España para garantir a gratuidade total do ensino de 0 a 3 anos.

#### Emenda de modificación

No punto 7 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír o contido das letras a), b) e d), polos seguintes textos:

a) Se sigan a levar adiante cambios na regulación do traballo a tempo parcial para facela máis garante, aumentando o grado de protección da clase traballadora, especialmente das mulleres.

b) Impulse plans da Inspección de Traballo que teñan como obxecto evitar a discriminación laboral das mulleres.

d) Recupere a centralidade do Pacto de Toledo e o diálogo cos interlocutores sociais, garantindo que o aumento das pensións se realice en función da variación do IPC, como xa sucede en 2019.

Pazo do Parlamento, 11 de marzo de 2019





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/03/2019 17:46:18**  
**Nº Rexistro: 47585**  
Data envío: 11/03/2019 17:46:18.151

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 11/03/2019 17:44:12**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/03/2019 17:44:24**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

